



RESOLUCIÓN DO 1 DE MARZO DE 2012 DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE FAI PÚBLICO O RESULTADO DO SORTEO A QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 34 DA ORDE DO 17 DE MARZO DE 2007.

Por Orde do 17 de marzo de 2007, DOG do 19 (corrección de erros no DOG do 4 de abril), regúlase o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

En cumprimento do establecido no artigo 34.3 da devandita Orde, nesta data, pola comisión constituída ao efecto, realizouse o sorteo público nas dependencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Conforme ao resultado do sorteo, as letras de prioridade que afectan ao primeiro e, de darse o caso, ao segundo apelido ao efecto da resolución do desempate na puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2012/2013, serán as letras “E” e “O”.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2012

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez